

# CARLOS CASARES


Carlos Casares Mouriño naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941.

Pasou a súa infancia na vila ourensá de Xinzo de Limia xunto cos seus pais Francisco e Manuela e os seus dous irmáns.

Estudou Humanidades no Seminario de Ourense, estudos que abandonou para facer o bacharelato por libre o que lle deixou tempo para asistir ao faladoiro do galeguista Vicente Risco no Café Parque, da capital ourensá.

Continuou os estudos de Filoxía na universidade de Santiago de Compostela.

Durante este tempo publicou relatos na revista Grial e, en 1967, publicou na Editorial Galaxia a súa primeira obra, «Vento ferido».



«Carlos Casares, o amigo das palabras», de Rafael Laso Lorenzo, foi editado por Galaxia en 2013. Neste libro, concebido como unha homenaxe a Carlos, van recollidas trinta e tres entrevistas a persoas que o coñeceron.



Arquivo Fundación C. Casares

Carlos Casares dedicouse ao ensino e, en 1974, presentouse ás oposicións e conseguiu praza de profesor de Lingua e Literatura Española no Instituto de Ensino Medio de Cangas.

Entrou na Real Academia Galega no ano 1978, sendo daquela o membro máis novo de todos eles.

Participou en política chegando a ser membro do primeiro parlamento galego. Grazas ao seu traballo, xunto ao doutros parlamentarios, aprobouse a Lei de Normalización Lingüística e a creación do Consello da Cultura Galega.


Foi director da Editorial Galaxia e da revista Grial, ademais de ser un prolífico escritor. Foi o gran precursor da literatura infantil en galego coas obras «A galiña azul» e «As laranxas máis laranxas de todas as laranxas».

Casou con Kristina Berg, de nacionalidade sueca, coa que tivo dous fillos: Hakan e Christian.

Carlos Casares faleceu en Vigo o 9 de marzo de 2002.

A Real Academia Galega adícalle o Día das Letras deste ano.

# A GALIÑA AZUL



CARLOS CASARES

«...Meu pai, que sinte un gran cariño polos bechos, andivo mirando a caravana cunha lupa e descubriu unha formiga camiñando fóra da fila. Xa sabes que as formigas van sempre en caravana e en fila india.

Pois ben, unha formiga camiñaba pola súa conta, fóra da fila. Camiñaba paseniño, moi paseniño. Meu pai mirouna ca lupa e, sabes o que descubriu? Que a formiga tiña unha pata rota. Por eso andaba tan amodiño.

O meu irmán Xavier dixo:


-Como nevou o outro día, ao mellor andivo esquiando e partiu unha pata.»

...



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO 2017



Arquivo Fundación Carlos Casares

## CARLOS CASARES

(1941-2002)

Seminario Galán.org



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA